



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 29)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **trinta de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez e o Sr. Deputado D. José Luís Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de xullo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Pablo Rivera Capón.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da contratación do servizo de redacción do de execución do polígono industrial de A Fonsagrada, consta no mesmo:

Informe do Concello de A Fonsagrada relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: Cod. Validación: 7RC6YF9T52RHZM56XFFSZXTGX| Corrección: <https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/>.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2D322AE5SSXNABQGEII664.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2734HE5JJDVCUMNFIB3754.



Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E2HALP775X6B4CQGUCQDDE4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada.

2º.- O prazo de entrega do proxecto será de 4 meses.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade- prezo e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 35.750,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 6.204,54 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 29.545,46 euros de base.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación provincial de Lugo

Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7E2YPPNHW7X5MOU34NO5IFCI.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2HB7FPZ5UVFOZRUGMDR76U.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2HTOPPX3TVBO6UAUN5HTGE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E2HJ7ZNRCTJNKQN7AMJHPE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E2HT3LVVMVBB72MFCJYX7IL.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2HT4DJMZ5FG7QUNEG7YOOQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación provincial de, cunha duración de un ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais e medioambientais como criterio de puntuación.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP.

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 1.235.921,13 euros. O orzamento base de licitación inclúe 214.498,70 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 1.021.422,43 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

LOTE	CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	RC/2022
LOTE 1	PAZO PROVINCIAL	9200.22700	323.597,09	220219/284
SUMA LOTE 1			323.597,09	
LOTE 2	GRANXA PROVINCIAL	4120.22700	15.014,67	220219/468
	GRTANXA EXPERIMENTAL	4120.22700	15.014,67	220219/470
	ARQUIVO E TALLERES	9200.22700	32.368,32	220219/472
	PARQUE MOBIL (OFICINAS)	9201.22700	8.642,27	220219/474
	CENTRO DE FORMACIÓN /PRODUCCION AUDIOVISUAL	3241.22700	60.629,40	220219/476
	CENTRO DE INTERPRETACION E CESTERIA	1729.22700	7.056,42	220219/478
	SAN MARCOS Nº 11	9330.22700	15.014,67	220219/492
SUMA LOTE 2			153.740,42	
LOTE 3	PAZO DOS DEPORTES	3420.22700	222.442,67	220219/480
	ESCOLA DE PIRAGÜISMO	3421.22700	16.013,35	220219/482
SUMA LOTE 3			238.456,02	
LOTE 4	MUSEO PROVINCIAL	3330.22700	169.276,52	220219/484
	PAZO DE TOR-MONFORTE	3332.22700	33.385,42	220219/486
	MUSEO DO MAR	3333.22700	15.014,67	220219/488
	MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22700	31.755,02	220219/490
SUMA LOTE 4			249.431,63	
LOTE 5	INICIO 11/04/22		IMPORTE 22/23	RC22/23
	SANTA MARIA Nº 1 REC.	9320.22700	65.592,69	22021/499
		9320.22700	24.879,93	22021/499
	SANTA MARIA Nº 2 A.XURI	9200.22700	20.933,16	220219/501
		9200.22700	7.940,19	220219/501
	SANTA MARIA Nº 3 VIAS Y O.	4500.22700	23.726,29	220219/503
		4500.22700	8.999,59	220219/503
	SANTA MARIA - CENTRAD	2413.22700	86.002,46	220219/505
		2413.22700	32.621,66	220219/505
SUMA LOTE 5			270.695,97	
TOTAL CONTRATO			1.235.921,13	

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DE “LA VUELTA 2021”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 26 de xullo de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes.

Informe de retorno económico datado o 30 de abril de 2021.

Providencia de inicio, con CSV: IV7EU2IL2BVJ5VF66H6R5ZPXCI.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EU2IIBQWLZVO7C4EH75RVLY.

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EU2P6Z546ZC7DYH7MNY3E7Y.

Informe de insuficiencia de medios con CSV: IV7EU2IJRZC3XOCAEITN4XAKI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EVWLZJHWSRS6M2R5MGIZPHY.

Certificado de dereitos de exclusiva do día 21 de decembro de 2020.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EWEBIDMF6TTU3SJNXEVDQMU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EQS2CHA66XJEC7Q6AMDYVCA.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQS22BYXMZTRLUIMWIZ3TMQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EQWANZ54CWVF6YA5NALXAGU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EQGYMPL6LLNFNSIPXAEHWCY.

Convites, cursados a través da plataforma de contratación do sector público o día 31 de maio de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar procédese á apertura do sobre A presentado pola única empresa convidada ao presente procedemento, resultando que o Anexo I preséntase debidamente cumprimentado e asinado dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese ao exame do sobre B, relativo á fase 1 do procedemento, que contén o modelo de proposición económica. Considerando que a empresa Unipublic S.A., se compromete á realización do obxecto do contrato polo tipo de licitación, polo que de acordo co recollido no PCAP, a mesa de contratación acorda outorgarlle 0 puntos nesta fase 1.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”

Solicitud de oferta, fase de negociación, cursada a través da plataforma de contratación do sector público o día 17 de xuño de 2021.



Acta da mesa de contratación do día 25 de xuño de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que na Mesa celebrada o día 14 de xuño de 2021 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese a informar que o licitador Unipublic S.A. presentou, dentro do prazo concedido a tales efectos, o Anexo III, no que se recolle o prezo ofertado. Considerando que o criterio de negociación, segundo o recollido nos pregos de cláusulas administrativas, é o compromiso de facilitar á Deputación Provincial de Lugo convites VIP de acceso á meta, a licitadora obtén cero puntos nesta fase.

Tendo en conta que na fase de adjudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación resultan un total de 0 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UNIPUBLIC S.A.	Fase I +Fase II : 0 puntos+0 puntos=0 puntos

Requirir á empresa Unipublic S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado,

entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
49.586,78	2.479,34 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Resolución da Presidencia, do día 07 de xullo de 2021, pola que se acepta a proposta da Mesa de Contratación.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 12 de xullo de 2021.

Na data de hoxe procedeuse ao exame da documentación do artigo 150 da LCSP presentada pola empresa Unipublic S.A., entendendo que está presentada dentro do prazo concedido a tales efectos, e atendendo ás especificacións recollidas na cláusula décimo sétima do PCAP, polo que a mesa de contratación acorda propoñer que pola Xunta de Goberno se proceda a adjudicar o contrato de patrocinio publicitario de La Vuelta 2021, por importe de 49.586,78 €, aos que habería que engadir 10.413,22 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 60.000,00 €.

Polo que vai dito, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar á empresa Unipublic S.A. o contrato de patrocinio publicitario de La Vuelta 2021, por importe de 49.586,78 €, aos que habería que engadir 10.413,22 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 60.000,00 euros.



2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MINIPALA CARGADORA DE RODAS CON CAZO E VARREDORAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 27 de xullo de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EWGSPLR6C2T5PWV5ECY7WBY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EXTH4NEUS5KXDQAPQ4DTFPY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EWEL5Z5JJ56O22LQAOYTBB4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EQSJ5HNE7J5JZAUQRBZY6CI.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQWLSDRPYJ2WCQF5GJ4JA6M.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EQWTKFEBMXCF52AIHEUDTIY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EQGYNLV6OWS5Z2A4CE77XKI.

Anuncio de licitación publicado na plataforma de contratación do sector público o día 28 de maio de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV: IV7ETWLP5B47CBMYHXTIYHBFY, na que se recolle o seguinte:

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL.

Pedro Bardanca García.

“Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse a apertura das ofertas.

En canto a acreditación dos requisitos previos, as licitadoras presentan a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cumprimentada e asinada.

Procédese á apertura do Anexo III, relativo aos criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente, que neste caso son todos, co seguinte resultado:

	PREZO IVE INCLUIDO	POTENCIA	GARANTÍA	PRAZO ENTREGA
Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL	61.615,14 €	74 CV	12 meses	90 días
Pedro Bardanca García	61.617,55 €	67,1 CV	12 meses	60 días

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliábeis automaticamente, co seguinte resultado:



Tal e como se recolle no cadro resumo do PCAP, as ofertas que igualen o tipo de licitación (61.617,55 euros) obterán 0 puntos e as proposicións que non representen mellora serán valoradas con 0 puntos.

	PUNTOS PREZO IVE INCLUIDO	PUNTOS POTENCIA	PUNTOS GARANTÍA	PUNTOS PRAZO ENTREGA	PUNTUACIÓN TOTAL
Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL	70	10	0	0	80
Pedro Bardanca García	0	9,07	0	10	19,07

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo que non hai ofertas incursas en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar os seguintes acordos:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL	80 puntos
2	Pedro Bardanca García	19,07 puntos

Requirir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Acta da Mesa de Contratación do día 25 de xuño de 2021, con CSV: IV7E5QD3PLXDJOWZYDFZ37ME, na que se recolle o seguinte:

“A Mesa de Contratación en sesión celebrada o día 14 de xuño de 2021, acordou requirir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complementa a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.

A licitadora Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL presentou, xunto coa oferta, documentación coas características técnicas da mini pala a subministrar, da que se deu traslado ao Parque Móbil, que informa o seguinte:

“Manuel Pillado Rego, Xefe do Parque Móbil en función, en relación ao prego de prescricións técnicas para a adquisición dunha mini pala cargadora de rodas con cazo e barredoras para o Parque Móbil (2021/CON_02/0000038), informa que a proposta presentada pola empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia, S.L., presuntamente non cumpre o prego nas características que se mencionan de seguido:

Anchura da máquina. No prego consta que será como máximo de 1.700 mm., e a máquina ofertada ten 1.755 mm.

No sistema hidráulico exítese que a presión máxima do circuito sexa de polo menos 235 bares, e a ofertada é de 210 bares.

En canto a cabina, pídese que o portón fronta sexa abatible hacia o interior da cabina con posicionamento no teito, e na máquina ofertada o portón é abatible hacia o exterior.

Doutra banda solicítase aclaración dos seguintes posibles erros:

Cilindrada. Oferta 3.400 litros cando no prego refírese a centímetros cúbicos.

Peso. Oferta 31.650 kgs, e no prego consta que non excederá de 3.700 kgs.”

A cláusula cuarta do PCAP establece que “As proposicións deberán axustarse ao establecido no presente prego e demais documentación que rexe a licitación” e a cláusula décimo sexta dispón que se procederá á exclusión das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego.



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Requirir á empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia SL, para que, dentro do prazo de tres días hábiles, presente aclaración sobre os puntos do prego de prescricións técnicas, postos de manifesto no informe do Parque Móbil provincial, que presuntamente incumpre o modelo ofertado polo licitador.”

Acta da mesa de contratación do día 12 de xullo de 2021, con CSV: IV7EYXXMBYJLJ7FDWR4NE4TPIA, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia S.L., ante a solicitude de aclaracións impulsada pola mesa de contratación, presenta escrito no que en termos xerais se compromete a dar cumprimento aos requisitos esixidos no PPT modificando a máquina ofertada, coa salvidade da porta frontal, no que a propia licitadora reconece que o cumprimento deste requisito non é viable por tema de tempo, costes e manifesta que non poden ter a certeza de que o sistema funcione ao 100% sendo a súa vez completamente hermético.

Visto que a empresa manifesta a imposibilidade de dar cumprimento ao esixido nos PPT, a mesa de contratación acorda:

Excluír a proposta presentada pola empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia S.L., por incumprimento dos requisitos establecidos no PPT. Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto.

Requirir ao licitador Pedro Bardanca García, por ser o contratista seguinte pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas, para que aporte no prazo de sete días hábiles, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día solución da Presidencia, do día 19 de xullo de 2021.

Na data de hoxe procedeuse ao exame da documentación do artigo 150 da LCSP presentada pola empresa Pedro Bardanca García, entendendo que está presentada dentro do prazo concedido a tales efectos, e atendendo ás especificacións recollidas na cláusula décimo sétima do PCAP, polo que a mesa de contratación acorda propoñer que pola Xunta de Goberno se proceda a adxudicar o contrato de subministración dunha mini pala cargadora de rodas con cazo e varredoras para o Parque Móbil Provincial a favor de Pedro Bardanca García por un importe de 50.923,60 aos que se engadirán 10.693,95 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 61.617,55 e cun prazo de garantía en pezas e man de obra de 12 meses.”

Polo que vai dito, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa Maquinaria para Excavaciones de Galicia S.L., por incumprimento dos requisitos establecidos no PPT.

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	Pedro Bardanca García	19,07 puntos

3º.- Adxudicar á empresa Pedro Bardanca García o contrato de subministración dunha minipala cargadora de rodas con cazo e varredoras para o Parque Móbil Provincial, por importe de 50.923,60 € aos que se engadirán 10.693,95 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 61.617,55 €, cunha garantía de 12 meses en pezas e man de obra.



4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO LOTE 3 DOS SERVIZOS DE CONTROL SANITARIO, CONTROL LEITEIRO E MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E OS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. LOTE 3: MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E OS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUUIN2AO3324I6FNTIJ3F54.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVQLSGEGT4RP4CYVW4MCPOI.

Pregos de prescricións técnicas (PPT Lote 1, con CSV: IV7EUO3MPBV3T2BMCUN5MZLT74, PPT Lote 2 con CSV: IV7EU2JSZD7Y7WZ7SR6ENYYP6M e PPT Lote 3: con CSV: IV7EU77C3RFZQSHSUQPC4EPTE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWQKEFB32WNNDXQFPY7PE4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVX2NPLX47FGLDR6QD7R6EM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVX7SBRJJ3GHLQFUAEXZPGA.

Proposta de Presidencia, con CSV:IV7EVUCLYEE2Z5JTA4GRIAI FEU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6QSZMXCJ3RC4FAF537WOE.

Acta da Mesa de Contratación do día 31 de maio de 2021, con CSV: IV7EQHATBAJL77V4CI6ADZTQJY.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV: IV7ETS3LNTWSLD4TQBXS5RQOQ que recolle o seguinte:

“Dase conta á Mesa de que cursouse o oportuno convite nesta fase de negociación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 4 de xuño de 2021, aos licitadores dos distintos lotes do contrato con prazo de presentación de oferta ata o día 9 de xuño de 2021 e que se relacionan a continuación:

LOTES	LICITADOR
LOTE 1 PROGRAMA SANITARIO OFICIAL DE PREVENCIÓN E CONTROL DE ENFERMIDADES DO GANDO VACÚN	ADSG CASTRO DE REI
LOTE 2 PROGRAMA CONTROL LEITEIRO	AFRICOR LUGO
LOTE 3 MANTENIMENTO ROBOT DE MUXIDO E OS SEUS ACCESORIOS.	MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L.

Procédese á apertura e valoración da oferta presentada polos distintos licitadores, na fase de negociación, sendo a seguinte:

LICITADORES	% NOVA OFERTA NA FASE DE NEGOCIACIÓN
LOTE 1 - ADSG CASTRO DE REI	0%
LOTE 2 - AFRICOR LUGO	0%
LOTE 3 - MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L.	0%

A Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:



Aceptar as proposicións únicas de cada lote coa clasificación propia da condición de único licitador, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

LOTES	LICITADORES	% OFERTA
1	ADSG CASTRO DE REI	5%
2	AFRICOR LUGO	0%
3	MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L.	6%

Requirir a ADSG Castro de Rei, Africor Lugo e Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTES	ADXUDICATARIO	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
1	ADSG CASTRO DE REI	1.098,00 €	54,90 €
2	AFRICOR LUGO	4.043,20 €	202,16 €
3	MANTENIMIENTOS TÉCNICOS LUCENSES S.L.	27.684,80€	1.384,24 €

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 26 de xullo, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras ADSG Castro de Rei, Africor Lugo e Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. dos lotes 1, 2 e 3 respectivamente, presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 14 de xuño de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación que as empresas teñen que emendar ou presentar, no prazo de tres días hábiles:

Lote 1: ADSG Castro de Rei

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

Persoas Xurídicas:

Fotocopia do CIF da empresa.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse de conformidade co establecido nos artigos 74 a 76 da LCSP, por algún dos seguintes medios:

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser por importe igual ou superior o importe dunha anualidade.



Lote I – Control sanitario:549 €.

Aos efectos do cálculo do valor anual medio do contrato para a acreditación de solvencia non se considerarán as prórrogas, modificados ou opcións senón en exclusiva o importe equivalente á anualidade do contrato de maior importe, excluídos todos os impostos aplicables.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Xustificante de existencia e do pago dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe de 71.188,96 euros e compromiso de manter en vigor o seguro de responsabilidade civil durante a execución do contrato.

Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico, para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse de conformidade co artigo 90 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso,

estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Lote I: O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 384,30 euros (70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente).

Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo.

Compromiso de contar e poñer á disposición da execución do contrato os medios persoais e materiais precisos para a realización do mesmo.

Denominación do veterinario/a encargado/a da dirección técnica destinado á execución das tarefas previstas neste prego encamiñadas as actuacións sanitarias.

Lote 2: Africor Lugo

Compromiso de contar e poñer á disposición da execución do contrato os medios persoais e materiais precisos para a realización do mesmo.

Denominación do veterinario/a encargado/a da dirección técnica destinado á execución das tarefas previstas neste prego encamiñadas as actuacións sanitarias.

Recibo de pago e compromiso de manter en vigor o seguro de responsabilidade civil durante a execución do contrato.

Solvencia técnica ou profesional: Certificado satisfactorio de servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito



privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Lote II: O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 1.415,12 euros (70 por cento do valor anual medio do contrato, calculado como no apartado precedente).

Lote 3: Mantenimientos Técnicos Lucenses, S.L.

Consta correctamente presentada a documentación.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, requirir ás empresas: ADSG Castro de Rei (Lote 1) e Africor Lugo (Lote 2) para que, no prazo de tres días hábiles, procedan a emendar a documentación relacionada anteriormente.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada por Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. (Lote III), por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer, que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar o lote III da contratación dos servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo. 2021/CON_02/000021, a Mantenimientos Tecnicos Lucenses, con CIF B27403831, por un importe máximo de 27.684,80€ €, aos que haberá que engadir 5.813,81 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 33.498,61 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 6 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

O prazo de duración será de dous (2) anos e estará vencellado ao do prazo do convenio interadministrativo asinado entre Deputación de Lugo e USC. O presente contrato serve á finalidade de mantemento preventivo e correctivo do robot de muxido da Granxa Experimental, e aos seus equipos accesorios, postos a disposición do Convenio interadministrativo asinado entre a Deputación e a USC. No caso de extinguirse o devandito convenio extinguirase do mesmo xeito o contrato, sen dereito a indemnización e sen prexuízo de que se liquiden as obrigas pendentes entre as partes. Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mantenimientos Técnicos Lucenses, S.L. a contratación do Lote 3 - Mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios do Contrato dos Servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo 2021/CON_02/000021, por un importe máximo de 27.684,80 €, aos que haberá que engadir 5.813,81 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 33.498,61 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un



desconto dun 6 %, sobre os prezos unitarios recollidos no PPT, financiándose de acordo as seguintes anualidades:

	APLICACIÓN	2021 SEN IVE	A	2022 SEN IVE	A	2023 SEN IVE	A	TOTAL SEN IVE
MANTEMENTO ROBOT DE MUXIDO	4120.213	6.709,72	92021/4044	14.265,35	920219/111	6.709,73	920219/111	27.684,80

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 6.709,72 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE EXCURSIÓNS DE UNHA XORNADA DE DURACIÓN POLA PROVINCIA DE LUGO, DENTRO DO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA".

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 26 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Anuncio Previo publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 10 de marzo de 2021.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7HGDDLHUEYXT7IYBUB4HYFAQ¹.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7HGDDKNNX4RPZJXR5QEZRAAM.

Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Cultura e Turismo, con CSV: IV7EVSLTJF6673ZZU4PEKLRDA4.

Informe de insuficiencia de medios con CSV IV7HGIP7NYJ33357QA5WIFLG6Q.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVTICIPXVMRTV77UABHZRQIM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EVWD4LYEK6VHJ5U6D6QD75Y.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWDTFTZI3BBM6NFE737A6U.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVWAPPT7LYVOOQFIEI47SE4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EVXXY3YNM4RE33QPWGQJBOE.

Acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6QTHAMNKT4T7V7ULZDGGA.

Acta da Mesa de Contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV IV7ESPLOBYR5ROHOWV4BGFRC4Q, que acordou o seguinte:

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

“Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo a súa proposta, procede o exame e cualificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, coas seguintes incidencias:

A empresa Avoris Retail División, S.L. declara no Anexo I que “preséntase a esta licitación, das empresas que forman grupo segundo o artigo 42 CC: a) Avoris Retail Division SL B) Viajes Halcón SAU”, o que se terá en conta aos efectos oportunos, como o cálculo de ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas.

A empresa Viajes Halcon SAU declara no Anexo I que: “preséntase a esta licitación, das empresas que forman parte do grupo segundo o artigo 42 CC: B The Travel Brand, S.L.”

A Mesa de Contratación acorda considerar que esta declaración non é correcta, xa que dita empresa non se presenta á licitación, e ter en conta que a empresa do grupo que si se presenta é Avoris Retail División, S.L, e unicamente actuando en representación dela The Travel Brand S.L.

A continuación procédese á apertura dos Sobres B, criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas así como a valoración:

AVORIS RETAIL DIVISION SL

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	61,90 euros	43,98
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 5 ANOS	20
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	MÍNIMO 50% DAS RUTAS	15
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	SI	5
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS: 93,98 PUNTOS

NAUTALIA VIAJES SL

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	59 euros	46,14
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 5 ANOS	20
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	MÍNIMO 50% DAS RUTAS	15
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	SI	5
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS: 96,14 PUNTOS

SEIJAS Y OTERO SL

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	69,50 euros	39,17
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 5 ANOS	20
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	NON OFERTA	0
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	SI	5
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS: 74,17 PUNTOS

VIAJES EL CORTE INGLÉS SA

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	54,45 euros	50
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 5 ANOS	20
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	NON OFERTA	0
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	NON OFERTA	0
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS: 80,00 PUNTOS



VIAJES EROSKI SA

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	67,75 euros	40,18
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 10 ANOS	10
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	MÍNIMO 50% DAS RUTAS	15
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	SI	5
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS:80,18 PUNTOS

VIAJES HALCON SAU

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN OBTIDA
CRITERIO Nº 1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO UNITARIO POR PRAZA (IVE INCLUIDO)	63 euros	43,21
CRITERIO Nº 2. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS CON ANTIGÜIDADE INFERIOR A 10 ANOS	INFERIOR A 5 ANOS	20
CRITERIO Nº 3. COMPROMISO DE UTILIZAR VEHÍCULOS HÍBRIDOS NUN MÍNIMO DO 20% DAS RUTAS POR CADA PERÍODO	MÍNIMO 50% DAS RUTAS	15
CRITERIO Nº 4. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA MENOR DE 30 ANOS	SI	5
CRITERIO Nº 5. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO COMO MÍNIMO UNHA PERSOA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DE MÍNIMO 30%	SI	5
CRITERIO Nº 6. COMPROMISO DE INCLUIR NO PERSOAL ADSCRITO AO CONTRATO UN MÍNIMO DE 50% DE MULLERES	SI	5

TOTAL PUNTOS: 93,21 PUNTOS

Realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

En aplicación da cláusula 13 do PCAP e artigo 149 da LCSP: “Cando no procedemento houberen presentado ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, aquela que for máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.” Neste caso, que se presentan dúas empresas do mesmo grupo, Avoris Retail Division SL e Viajes Halcón SAU, unicamente se tomou a oferta máis baixa, isto é, a de Avoris Retail Division SL.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

“Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía”.

OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
AVORIS RETAIL DIVISION SL	61,90	9,11	12,8292%	Se incluye	No es Baja Temeraria
NAUTALIA VIAJES SL	59,00	12,01	16,9131%	Se incluye	No es Baja Temeraria
SEIJAS Y OTERO SL	69,50	1,51	2,1265%	No se incluye	No es Baja Temeraria
VIAJES EL CORTE INGLÉS SA	54,45	16,56	23,3207%	Se incluye	Es Baja Temeraria
VIAJES EROSKI SA	67,75	3,26	4,5909%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	62,52	8,49	14,41%	60,78	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			22,97%	54,70	

Polo tanto, considérase que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Viajes El Corte Inglés SA.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade:

Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a

Viajes El Corte Inglés SA. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”.

Acta da Mesa de contratación de data 28 de xuño, con CSV IV7E5T2JPXUCJSH3AYYDCMCC6Y, que acorda:

“Con data 15 de xuño de 2021 deuse traslado á empresa Viajes El Corte Inglés SA do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación de oferta anormalmente baixa con data 16 de xuño de 2021, en prazo.

O Servizo de Cultura e Turismo emitiu informe, con CSV IV7E47A2PMB5ZRP4QRGUF4SECA, que conclúe:

“Dende o Servizo de Turismo e, en base ao escrito presentado pola empresa sinalada, consideramos que a información achegada pola citada empresa, explica satisfactoriamente o baixo prezo unitario presentado na fase de presentación de ofertas económicas do contrato para a execución do programa “Coñece a Túa Provincia.”

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de Turismo e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	NAUTALIA VIAJES S.L.	96,14
2	AVORIS RETAIL DIVISION S.L.	93,98
3	VIAJES HALCÓN SAU	93,21
4	VIAJES EROSKI S.A.	80,18
5	VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A.	80,00
6	SEIJAS Y OTERO S.L.	74,17

Requirir á empresa Nautalia Viajes S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 10.752,93 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Acta da Mesa de contratación de data 20 de xullo, con CSV IV7EYMDOCFHJLXKXQOMGVASGQ, que acorda:

“Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora Nautalia Viajes S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 28 de xuño de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación que a empresa ten que subsanar ou presentar, no prazo de tres días hábiles:

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.



Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado). Non será preciso dito bastanteo cando asine a proposición quen teña a condición de administrador único ou solidario.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato (que serán como mínimo os esixidos no cadro resumo), na que se recolla expresamente o compromiso firme de mantelos dispoñibles durante a vixencia do contrato:

Concreción das condicións de solvencia conforme ao art. 76 da LCSP: adscrición de medios persoais e materiais á execución do contrato.

En virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os licitadores ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, deben comprometerse a adscribir á execución do contrato os medios persoais indicados na Memoria xustificativa coa condición de mínimos.

Persoal necesario para desenvolver o programa será:

1 Técnico Xestor.

1 Persoal Administrativo: Execución/supervisión.

2 Guías Turísticos: Funcións de acompañamento.

As persoas adscritas ao contrato debe acreditar experiencia profesional de ao menos 1 ano, en concreto:

*Técnicos xestores e persoal Administrativo, deben contar con 1 ano de experiencia na organización de paquetes turísticos.

*Guías de acompañamento deben contar con 1 ano de experiencia nun posto de similares.”

Reunida a Mesa de Contratación na data de hoxe, 26 de xullo de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, acorda o seguinte:

A licitadora mellor valorada, Nautalia Viajes S.L., presentou a documentación requirida en prazo, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, engadindo documentación por correo electrónico por falta de capacidade da Plataforma.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP. Incorporase informe do Servizo de Turismo sobre a documentación relativa aos medios persoais presentada.

Aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra, polo que ao non facer observación algunha, enténdese correctamente presentada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Nautalia Viajes S.L., con CIF A28076420 a contratación do servizo de realización de excursións de unha xornada de duración pola provincia de Lugo, dentro do programa "Coñece a túa provincia". 2021/CON_02/000013, por un importe máximo de 251.058,50 €, aos que haberá que engadir 52.722,28 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 303.780,78 €.



A empresa comprométese ao cumprimento e execución do contrato polo seguinte prezo unitario por praza: 59,00 euros, IVE incluído*, o que fai un total de 59,00 euros. (* IVE incluído ao réxime especial de axencias de viaxes, Lei 32/1992 ,artigos 141 e seguintes).

A empresa comprométese a:

Utilizar vehículos con antigüidade inferior a 5 anos.

Utilizar vehículos híbridos nun mínimo do 50% das rutas por cada período.

Incluír no persoal adscrito ao contrato como mínimo unha persoa menor de 30 anos.

Incluír como mínimo unha persoa con diversidade funcional de mínimo 30%.

Incluír no persoal adscrito ao contrato un mínimo de 50% de mulleres.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Faise constar que con data 28 de xullo de 2021 ditouse Decreto de rectificación de erros, con CSV IV7E2DXYHRJL6TVIQ3QRNYC6EI, que resolve: Corrixir o erro material no Decreto de data 1 de xullo de 2021, con CSV IV7E6WZZLY7J5RODQ4NWEBB66Y consistente en que onde di “constitución da garantía definitiva por importe de 10.752,93 euros” debe dicir “constitución da garantía definitiva por importe de 12.552,93 euros”. A empresa realizou transferencia pola diferenza de importe e emitiuse carta de pago con data 29 de xullo de 2021 e CSV IV7E2HCYPRPZX762VUPQEBXVA4.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Nautalia Viajes S.L., con CIF A28076420 a contratación do servizo de realización de excursións de unha xornada de duración pola provincia de Lugo, dentro do programa "Coñece a túa provincia". 2021/CON_02/000013, por un importe máximo de 251.058,50 €, aos que haberá que engadir 52.722,28 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), o que ascende a un total de 303.780,78 €.

A empresa comprométese ao cumprimento e execución do contrato polo seguinte prezo unitario por praza: 59,00 euros, IVE incluído*, o que fai un total de 59,00 euros. (* IVE incluído ao réxime especial de axencias de viaxes, Lei 32/1992 ,artigos 141 e seguintes).

A empresa comprométese a:

Utilizar vehículos con antigüidade inferior a 5 anos.

Utilizar vehículos híbridos nun mínimo do 50% das rutas por cada período.

Incluír no persoal adscrito ao contrato como mínimo unha persoa menor de 30 anos.

Incluír como mínimo unha persoa con diversidade funcional de mínimo 30%.

Incluír no persoal adscrito ao contrato un mínimo de 50% de mulleres.

2º.- A duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP, ata o 31 de decembro do 2022, con posibilidade de prórroga ata o 31 de decembro de 2023.

3º.- O importe do contrato ascende a 303.780.78 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2021	4320.22799	88.194,42	22021/6414
2022	4320.22799	215.586,36	220219/198
SUMA		303.780,78	



Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 88.194,42 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000, consta no mesmo:

Proxecto da obra PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000, con CSV: IV7E6TCLYD7K7FMI3QOSHYQEP4

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E6TD7GBOCZDETYRGN4B7GIY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E6TD4PVRSZCZ62UUVGAS66E.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7E6TDTJRR7RCEDA5AXIBIVOI.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E6W7JJNPCJCP3SUXC4P3EKM.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7E2YPM3YM63CW22M5SHZYUH4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2YPCYEXCXXJISVWUH4JV54.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 207.481,81 €, dos cales 36.009,24 € corresponden ao IVE (21%).”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 27 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…) Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EU4BDFNVDXFHMWQNF6IJCD4².

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas con CSV: IV7EU4B33Z6LQSWPZVENEJRQKU.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EULAKKEWNXOWMCH4QP4DVL4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EVSDT3P4ILHRZ677QMMC7G4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVSCLFT7TZSRP4X4DB47OB4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVSLJP75SWVBPTVOCE52DOQ.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14/05/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EVUB62FHZ5C4D7T6CKEHU7Y.

Publicación, o día 14/05/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/06/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7ESPP7NQG4Z26K6YY4OJIFHY, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), observándose que a mercantil Hordescón SL, achega unha declaración responsable (anexo I) que non se axusta ao modelo establecido no PCAP, polo que a mesa, por unanimidade acorda, requirir a estas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (Anexo I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada pola empresa sinalada. Dita documentación foi achegada en tempo e forma.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

ANTAS DE ULLA.- MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E ZONA DE ESTACIONAMENTO DA ÁREA DE DESCANSO NA LU-P-0301 “ANTAS DE ULLA (LU-P-1809) – LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA (RODEIRO)”, P.K. 3+490 A 3+700

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

316.752,94	
261.779,29	54.973,65

NO
6 MESES

MAXIMO
5.235,59



	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (90)	(B) MELLORAS (5)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluido - art 102)	1 CM + GROSOR APARCAMENTO (SI/NO)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	AUDECA SLU		302.879,17 €	SI	5.235,58 €	395/17
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL		299.141,48 €	SI	5.235,59 €	4/0
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL		289.131,07 €	SI	5.235,58 €	19/0
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL		249.030,10 €	SI	5.235,58 €	49/0
5	CONSTRUCCIONES RAFER SL		255.682,97 €	SI	5.235,59 €	26/0
6	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		315.810,00 €	NO	100,00 €	14/0
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL		303.824,44 €	SI	693,72 €	90/2
8	HORDESCÓN SL	*	314.694,04 €	NO	0,00 €	23/0
9	LOPEZ LEIS SA		314.600,00 €	NO	0,00 €	15/0
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		295.966,00 €	SI	0,00 €	37/1
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		270.823,77 €	SI	1.239,67 €	39/2

* Anexo I distinto PCAP
Hordescón erro aritmético suma

Durante a apertura das ofertas, na da mercantil Hordescón SL, detéctase erro aritmético no na suma da base mais o IVE, polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívoise o seguinte resultado:

	EMPRESAS	PRECIO (90)		MELLORAS (5)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	1 CM + GROSOR APARCAMENTO	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	AUDECA SLU	302.879,17 €	18,44	SI	5,00	5.235,58 €	5,00	28,44
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	299.141,48 €	23,40	SI	5,00	5.235,59 €	5,00	33,40
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	289.131,07 €	36,71	SI	5,00	5.235,58 €	5,00	46,71
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	249.030,10 €	90,00	SI	5,00	5.235,58 €	5,00	100,00
5	CONSTRUCCIONES RAFER SL	255.682,97 €	81,16	SI	5,00	5.235,59 €	5,00	91,16
6	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	315.810,00 €	1,25	NO	0	100,00 €	0,10	1,35
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL	303.824,44 €	17,18	SI	5,00	693,72 €	0,66	22,84
8	HORDESCÓN SL	314.694,04 €	2,74	NO	0	0,00 €	0,00	2,74
9	LOPEZ LEIS SA	314.600,00 €	2,86	NO	0	0,00 €	0,00	2,86
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	295.966,00 €	27,62	SI	5,00	0,00 €	0,00	32,62
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	270.823,77 €	61,04	SI	5,00	1.239,67 €	1,18	67,22

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos

critérios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	AUDECA SLU	302.879,17 €
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	299.141,48 €
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	289.131,07 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	249.030,10 €
5	CONSTRUCCIONES RAFER SL	255.682,97 €
6	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	315.810,00 €
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL	303.824,44 €
8	HORDESCÓN SL	314.694,04 €
9	LOPEZ LEIS SA	314.600,00 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	295.966,00 €
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	270.823,77 €

MEDIA
291.962,09

BAIXA DESPROPORCIONADA
262.765,89

10% ARRIBA
321.158,30

Tendo en conta que as ofertas presentadas polas empresas Construcciones Leonardo Miguélez SL e Construcciones Rafer SL incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade:

Requirir a empresa Hordescón SL, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que acheguen de novo a declaración responsable (Anexo I) nos termos establecidos no PCAP.

Requirir ás empresas Construcciones Leonardo Miguélez SL e Construcciones Rafer SL, para que no prazo de 5 días hábiles, presenten xustificación da súa oferta, ao ser considerada incurso en presunción de anormalidade, e precise as condicións da mesma, nos termos establecidos na cláusula 13 do PCAP.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28/06/2020, con CSV: IV7E5T77HVRPLKJL6YWTC7TPEI, dando conta dos informes relativos ás baixas desproporcionadas ou anormalmente baixas e recollendo acordo nos seguintes termos:



Excluir a proposta presentada pola mercantil Construcciones Rafer SL por incorrer en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa e non considerarse xustificadas ditos extremos.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

		TOTAL
		PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	100,00
2	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	67,22
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	46,71
4	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	33,40
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	32,62
6	AUDECA SLU	28,44
7	GRUPO BASCUAS 2008 SL	22,84
8	LOPEZ LEIS SA	2,86
9	HORDESCÓN SL	2,74
10	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	1,35

Requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e a constitución da garantía definitiva por importe de 20.581,00 euros, que supón o 10% s/ prezo do contrato (sen IVE), (supón o 5% de garantía definitiva e 5% garantía complementaria según o establecido no PCAP) significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 02/07/2020, con CSV: IV7E62QKNVU53KF5U54UNYXQAA, tendo en conta as Actas de Mesa de contratación, excluíuse a mercantil Construcciones Rafer SL, ao non considerarse xustificada a baixa desproporcionada, clasificouse aos licitadores admitidos e acordouse requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da

Plataforma de Contratos do Sector público, o día 06/07/2020, rematando o prazo de presentación o día 20/07/2020. A mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL, presentou a documentación requirida o 20/07/2020 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 27/07/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL presenta a documentación requirida nos prazos outorgados.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas De Ulla (LU-P-1809)- límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700 (EX003OB21AB) no prezo de 249.030,10 €, dos cales 43.220,10€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en incremento de 1 cm no espesor da MBC, coas características definidas do PCAP, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.235,58€ € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: melloras de obra, programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, constitución de póliza todo risco construción, e todas cantas se estableceron no prego, de acordo co establecido no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.



Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700 no prezo de 249.030,10 €, dos cales 43.220,10€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en incremento de 1 cm no espesor da MBC, coas características definidas do PCAP, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.235,58€ € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: melloras de obra, programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, constitución de póliza todo risco construción, e todas cantas se estableceron no prego, de acordo co establecido no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para “Gastos da escola de música, danza e artes escénicas Samoeiro” (Anualidade 2021).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:



“En relación co escrito, presentado por don José Luis Maceda Vilariño, con NIF: 33304454V, en nome e representación do Concello da Pobra de Brollón, con CIF: P2704700J, con data 09/07/2021 e rexistro de entrada nº: 2021RT010547 (Expediente 2021/PES_03/013928), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello da Pobra de Brollón e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Gastos da Escola de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para os “Gastos da Escola de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á consolidación e potenciación do crecemento da Escola Municipal de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro, que está orientada a poñer en valor e promocionar a música tradicional galega.

En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que nesta Escola Municipal se matriculan alumnos non só do concello da Pobra de Brollón, senón tamén de distintos municipios da comarca, que teñen interese en aprender ensinanzas artísticas, de xeito que os gastos que se deben realizar para atender esta demanda cidadá, polo seu volume e tamaño, non pode ser asumidos unicamente por un Concello pequeno.

En relación ao seu impacto económico, resulta imponderable, dado que a difusión e promoción das ensinanzas artísticas como manifestación do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa valorización e transmisión ás xeracións futuras, supón un alicerce da esperta de vocacións e da profesionalización no eido da música, así como da promoción das condicións para o desenvolvemento social, económico e cultural do territorio.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da



Deputación Provincial, fundamentalmente as que se mencionan no artigo 36.1 apartado b) da LBRL, que se refire á asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión, así como no apartado d) da LBRL, no que atinxe á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles é de aplicación á normativa en materia de subvencións para a xustificación dos fondos (tal e como se recolle na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no BOP o 3 de abril de 2021).

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 8.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello da Pobra de Brollón, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 19.252,51 € (importe que inclúe os ingresos obtidos polas cotas abonadas polos alumnos en virtude da Ordenanza municipal, que ascenden a 6.040,00 €); así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nos “Gastos da Escola de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro” (anualidade 2021). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar nos “Gastos da Escola de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro” (Anualidade 2021) por importe total de 27.252,51 €.



2º.- Aprobar o gasto de 8.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor do Concello da Pobra de Brollón, para sufragar os “Gastos da Escola de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro” (Anualidade 2021).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo a subscribir co Concello da Pobra do Brollón.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Limpeza de vías de titularidade municipal”, por importe total de 21.053 €, dos que 20.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.053 € a cargo do Concello da Pobra do Brollón; e do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello da Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello da Pobra do Brollón solicitou, o 19 de maio de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Limpeza de vías de titularidade municipal”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 17 de xuño de 2021, no que se estimou procedente a aprobación do texto do citado convenio, así como do gasto derivado da subscripción do mesmo.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde se analiza a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informou favorablemente, o 21 de xullo de 2021, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 23 de xullo de 2021.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Limpeza de vías de titularidade municipal”, por importe total de 21.053 €, dos que 20.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.053 € a cargo do Concello da Pobra do Brollón.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello da Pobra do



Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de sante”, na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP: 2021/XEN_01/002765) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 28.062,18€, a favor da entidade Asociación de Vecinos San Julián de Sante, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

Aprobar o gasto de 28.062,18€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Vecinos San Julián de Sante, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”.

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, na anualidade 2020, formalizouse o 30 de decembro de 2020.

Terceiro.- O 19 de xullo de 2021, A representante da Asociación de Veciños de San Julián de Sante remitiu un escrito á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, (2021RT011457) no que literalmente se recolle o seguinte:

“(…) D. Guadalupe Rego Rodríguez, provisto con D.N.I. ***7895**, Presidente da Asociación de Veciños de San Julián de Sante con C.I.F. G275152453 con domicilio a efectos de notificación en Lugar Teleclub de Sante S/n, Trabada solicita a ampliación de prazo de xustificación ata o 31 de agosto de 2021 da subvención concedida, debido a motivos burocráticos alleos á asociación que impiden a xustificación en prazo.”

Cuarto.- O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (concretamente do apartado “Xustificación e aboamento da subvención”) do citado convenio de referencia, asinado o 30 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das



subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de agosto de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

(...)”

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, na anualidade 2020, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización -será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, na anualidade 2020 , é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta



de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (concretamente o apartado “Xustificación e aboamento da subvención”) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños de San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, na anualidade 2020, formalizado o 30 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Recurso potestativo de reposición formulado por D^a. María Carmen Estrada Trabado contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño, de resolución da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.

En relación co recurso ao que se fai referencia no encabezamento, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 12 de xullo de 2021, informe do seguinte teor:

“Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno



Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

(...).

Segundo.- A convocatoria e as bases que rexen a concesión das citadas subvencións publicáronse no BOP de Lugo, nº 135, do 14 de xuño de 2019.

Terceiro.- O 24 de novembro de 2020, D^a. María Carmen Estrada Trabado, con DNI nº: ***4406**, presentou solicitude de subvención no marco da acción de fomento para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: “Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo”, anualidade 2020.

Cuarto.- En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións amentadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, revisando o seu persoal técnico -actuando colexiadamente- as solicitudes presentadas, verificando que contiñan a documentación esixida na base 8 e emitindo un informe no que consta que da información que obraba no seu poder desprendíase que os beneficiarios cumprían tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 3 de marzo de 2021, proposta de resolución, co carácter de definitiva, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina web de aquela (www.acruga.com), e remitida á Deputación de Lugo o día 10 do mesmo mes.

Quinto.- En fase de fiscalización do expediente, a Unidade de Intervención detectou que a solicitante non cumpría os requisitos esixidos na Base 3 das reguladoras das subvencións, por ter

cesado na actividade económica o 23 de decembro de 2020, circunstancia que, por outra banda, non fora comunicada a ACRUGA.

En consecuencia, dende a Unidade de Medio Rural requiriuse á entidade colaboradora para a formulación dunha nova certificación de beneficiarios das subvencións e a modificación da proposta de resolución, adaptando as relacións de beneficiarios propostos e de solicitudes desestimadas ao feito descrito, o que aconteceu o 11 de xuño de 2021.

Sexto. Fiscalizado favorablemente o expediente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 18 de xuño de 2021, adoptou, entre outros, o Acordo de aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora o 11 de xuño de 2021 e de ditar resolución de concesión das subvencións, que foi notificada a ACRUGA o 22 de xuño de 2021 e aos beneficiarios por medio de publicación na páxina web de aquela, o día 24 do mesmo mes, tal e como está previsto na Base 10 das reguladoras das subvencións.

Sétimo.- Contra dita resolución, D^a. María Carmen Estrada Trabado, con DNI nº: ***4406** (en adiante, a recorrente) interpuxo escrito, o 2 de xullo de 2021 ante a Oficina Central de Rexistro do Concello de Becerreá, o cal tivo entrada no Rexistro Xeral desta entidade o día 5 do mesmo mes, do seguinte teor:

“Manifesta:

Recentemente recibiu chamada telefónica de ACRUGA, comunicando que non lle pertencía a axuda á que se fai referencia.

Así mesmo, unha vez consultada a listaxe de axudas desestimadas, na que se inclúe con motivo 8 “Outros motivos” e con “Incumprimento da Base 3”.

Expón:

Que está desconforme co motivo exposto polo organismo competente á hora de desestimar a axuda.

Posteriormente á certificación da axuda, a titular da explotación cesou a súa actividade por unha causa de forza maior, sendo xubilada por unha incapacidade permanente.



Momento dende o cal a explotación continúa en funcionamento a nome da súa filla, Kelly Trabado Estrada con DNI ****8861**. Do mesmo modo os animais polos que se solicitou a subvención, cos números de crotal: ES071111098530 e ES081111897505, permanecen actualmente na explotación.

Solicita:

Visto o que se cita anteriormente e tendo en conta que o cambio de titularidade foi por Incapacidade permanente.

Se teña en conta que esta é unha causa de forza maior.

Do mesmo modo se admita a presentación deste escrito e a documentación que se adxunta a el: cambio de titularidade, comunicación de xubilación por incapacidade permanente, censo de explotación actual para comprobar a presenza dos animais e solicitude da axuda á que se fai referencia.”

Fundamentos xurídicos.

Normativa aplicable.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local 8 (en adiante, LRBRL).

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, RLXS).

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021) (en adiante, OXS).

Bases para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro da acción de fomento para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo (publicadas no BOP de Lugo, nº 135, do 14 de xuño de 2019) (en adiante Bases Reguladoras das Subvencións).

Lexitimación da recurrente.

O artigo 112.1 da LPACAP require a condición de interesado para estar lexitimado na interposición dos recursos de alzada e potestativo de reposición. A recurrente ostenta a condición de interesado no procedemento ao abeiro do disposto no artigo 4.1.a) da LPACAP.

En atención ao anterior recoñécese lexitimación activa á recurrente para a interposición do recurso potestativo de reposición obxecto deste informe.

Cualificación do escrito.

O artigo 112.1 da LPACAP establece que “contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei”, e cumprindo as formalidades establecidas no seu artigo 115.1.

Á súa vez, o artigo 123.1 da mesma Lei prevé que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, e no artigo 124.1 especifícase que o prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso.

A recurrente non alude no seu escrito presentado ante esta entidade o día 5 de xullo de 2021 a interposición de recurso administrativo algún, senón que se limita a expoñer a súa desconformidade coa resolución de concesión das subvencións e a solicitar que se teña en conta que o motivo de desestimación da súa solicitude de subvención foi por causa de forza maior.

Porén, en virtude da doutrina antiformalista do Tribunal Supremo en relación coa actividade da Administración Pública, recollida, entre outras, polas SSTS de 28 de outubro de 1991



(RJ 1991/8889), 19 de novembro de 1984 (RJ 1984/6223) e 16 de marzo de 1993 (RJ 1983/1441), corresponde cualificar o citado escrito para proceder á tramitación do correspondente procedemento.

Na citada STS do 28 de outubro de 1991 declárase que “os recursos administrativos, na súa esencia, consisten nun acto do administrado por cuxa virtude solicitase da Administración que deixe sen efecto unha resolución anterior. Isto implica que o feito de que non se utilice a expresión <recurso> ou que non se cualifique este como de reposición, non pode ser obstáculo para enténdelo existente: os escritos –os actos- son o que son en razón do seu contido, independentemente da cualificación que se lles atribúa”.

Neste senso se pronuncia o artigo 115.2 da LPACAP, ao dispoñer que “o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter”.

No suposto que nos ocupa, do contido do escrito presentado despréndese claramente a vontade da recorrente de interpoñer un recurso contra o acto administrativo de resolución de concesión das subvencións.

Tendo en conta que a dita resolución pon fin á vía administrativa, en virtude do disposto nos artigos 52.2 da LRBRL e 63.2 do RLXS, podemos cualificar o escrito da recorrente como un recurso potestativo de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021 polo que se aprobou a proposta de resolución definitiva formulada pola entidade colaboradora (ACRUGA), o 11 de xuño de 2021, para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro da acción de fomento de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses; Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.

Prazo para a interposición do recurso potestativo de reposición.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será, consonte ao establecido no artigo 124.1 da LPACAP, dun mes, se o acto contra o que se interpón fora expreso.

Sendo que o acto impugnado foi obxecto de notificación aos interesados a través da súa publicación na páxina web da entidade colaboradora ACRUGA o 24 de xuño de 2021, e que o escrito cualificado como recurso potestativo de reposición obxecto deste informe tivo entrada na Oficina Central de Rexistro do Concello de Becerreá o 2 de xullo do mesmo ano, o recurso está presentado en tempo hábil.

Competencia e prazo para resolver.

De conformidade co establecido no artigo 123.1 da LPACAP, en relación cos artigos 52.2 da LRBRL e 63.2 do RLXS, a competencia para resolver o recurso de reposición obxecto deste informe corresponde ao órgano administrativo que ditou o acto impugnado, isto é, a Xunta de Goberno.

O citado recurso deberá ser resolto e a súa Resolución notificada no prazo máximo dun mes contado dende o día seguinte á interposición do mesmo, consonte ao establecido no artigo 124.2 da LPACAP, sen prexuízo do efecto desestimatorio do silencio administrativo que opera nos procedementos de impugnación de actos (artigo 24.1.III da mesma Lei) e da obriga da Administración de ditar resolución expresa, en todo caso, en calquera momento.

Contido do recurso.

Tal e como se reflicte no recurso interposto (reproducido literalmente no “Antecedente sétimo” deste informe), exponse no mesmo a desconformidade co acto recorrido, así como que o feito que provocou que a recorrente deixara de cumprir os requisitos esixidos para a concesión da subvención que solicitara “foi por forza maior” e que foi a súa filla quen se fixo cargo da explotación, pero só solicita que se teña en conta que o motivo polo que deixou de ser titular da explotación foi de forza maior, sen indicar os motivos de nulidade ou anulabilidade nos que fundamenta o recurso.



Consonte ao establecido no artigo 112.1 da LPACAP, caberá fundar os recursos de alzada e potestativo de reposición en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 de aquela Lei.

Da conxunción do feito e da norma citados nos parágrafos anteriores, despréndese claramente, salvo mellor criterio, que o recurso formulado pola recorrente non recolle ningún motivo de nulidade ou anulabilidade, procedendo a desestimación do mesmo por carecer de fundamento.

Sobre o incumprimento da Base 3 e a xustificación material da decisión contida na Resolución do 18 de xuño de concesión das subvencións.

Sen prexuízo do anterior, procede, a xuízo deste centro xestor, entrar no fondo do asunto para aclarar o motivo da desestimación da solicitude de subvención formulada pola recorrente por incumprimento do establecido na Base 3 das Reguladoras das subvencións.

Consonte á citada Base 3, “Poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega inscritos no Libro Xenealóxico desta raza...”.

O fundamento desta previsión descansa nunha das finalidades últimas do establecemento das axudas, que non é outra que a redución de custos de produción asociados a unha maior competitividade no mercado e o crecemento da viabilidade económica das explotacións, o que contribuirá ao aumento do seu número e dos censos de animais de aquela raza bovina e, en último termo, ao desenvolvemento sustentable das áreas rurais e á fixación de poboación no medio rural, tal e como se reflicte na Exposición de Motivos das Bases Reguladoras das Subvencións.

Por elo, ostentar a condición de titular dunha explotación gandeira convértese en requisito esencial para poder acceder ás axudas, requisito que, por outra banda, é necesario manter durante un período mínimo de tempo, xa que as Bases 4 e 7 das Reguladoras das Subvencións establecen a obriga dos beneficiarios de manter os animais obxecto de subvención por un mínimo de 24 meses

na explotación, compromiso de difícil cumprimento, se o seu titular deixa de selo incluso antes de que lle sexa recoñecido o dereito á obtención da subvención.

O carácter modal da medida de fomento administrativo que constitúen as subvencións, esixindo o pleno cumprimento da actividade prevista ou que o beneficiario teña un determinado comportamento, foi declarado de forma constante pola doutrina do Tribunal Supremo. Sirvan de exemplo, entre outras, as SSTS do 13 de xaneiro de 2003, recurso de casación 6885/1998; do 12 de maio de 2004, recurso de casación 4776/2000; e do 17 de outubro de 2005, recurso de casación 158/2000.

E é que a subvención comporta unha atribución de diñeiro ao beneficiario a cambio de adecuar o exercicio da súa actuación aos fins perseguidos coa medida de fomento e que serven de base para o seu outorgamento. A subvención responde, polo tanto, á finalidade de intervir a Administración, a través duns condicionamentos libremente aceptados polo beneficiario, na actuación deste.

No caso que nos ocupa, a recorrente solicitou a subvención o día 24 de novembro. Con carácter previo á resolución do procedemento, no mes de xuño de 2021, dende a Unidade de Intervención detectouse que aquela causara baixa na actividade económica o día 23 de decembro de 2020 (circunstancia que non foi comunicada nin á Administración nin á entidade colaboradora), motivo polo que se estimou improcedente a concesión da axuda.

Neste senso, cómpre ter en conta o disposto no apartado 1 do artigo 13 da LXS, relativo aos requisitos para obter a condición de beneficiario de subvencións. Consonte a aquel, “poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria”.

O apartado primeiro do artigo 13 da LXS transcrito, dende unha perspectiva negativa, exclúe a posibilidade de obter a condición de beneficiarios de subvencións ás persoas que non se atopen na situación que fundamenta a súa concesión ou nas que non concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.



Polo tanto, incorrería en nulidade de pleno dereito (en aplicación do establecido no artigo 47.1.f) da LPACAP) a resolución de concesión das subvencións que recoñecera á recorrente a condición de beneficiaria de subvención e, polo tanto, o seu dereito ao cobro da mesma, se, previamente a ser ditada, non concorreran en aquela as circunstancias previstas na Base 3.

Para maior abastanza, a ocultación da variación das condicións requiridas para o outorgamento de subvencións está prevista como causa de reintegro das mesmas no artigo 37.7.a) da LXS, no artigo 33.1.a) da LSG, e no artigo 37.1.b) da OXS.

En conclusión, tendo esta entidade o coñecemento de que a solicitante incorría, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, en prohibición de obter a condición de beneficiaria e en causa de reintegro (de ser concedida aquela), a resolución de concesión -con fundamento nos principios de simplicidade, eficacia e economía no desenvolvemento da actividade administrativa, previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público- non podía ter outro senso que o desestimatorio da solicitude.

Sobre a forza maior como xustificación do dereito da recorrente á subvención sen cumprir os requisitos establecidos na Base 3

O acertado da decisión corrobórase agora, en fase de recurso contra a Resolución de concesión das axudas, pois a documentación achegada pola recorrente reflicte, non só o feito constatado pola Administración de que aquela cesara na actividade económica o día 23 de decembro de 2020 -perdendo a condición de titular da explotación con carácter previo á resolución de concesión das axudas e, polo tanto, o dereito á obtención das mesmas- senón que, ademais, ostentaba a condición de pensionista dende o día 11 de maio do mesmo ano (máis de 6 meses antes da presentación da solicitude de subvención).

Consonte ao artigo 198 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, “No caso de incapacidade permanente total, a pensión vitalicia correspondente será compatible co salario que poida percibir o traballador

na mesma empresa ou en outra distinta, sempre e cando as funcións non coincidan con aquelas que deron lugar á incapacidade permanente total”.

Polo tanto, a pensión correspondente á incapacidade permanente total para a profesión habitual non se considera incompatible co desempeño de traballo, sempre e cando se demostre que o traballo desempeñado polo traballador implica a realización de funcións distintas ás que deron lugar á incapacidade permanente.

No caso que nos ocupa, a recorrente parece que, unha vez recoñecida a pensión de incapacidade permanente, o 11 de maio de 2020, seguiu realizando as funcións propias da actividade que deu lugar ao seu recoñecemento, ata o día 23 de decembro de 2020. E elo por dous feitos que se desprenden da documentación que obra no expediente:

O 24 de novembro de 2020 presentou, ante a entidade colaboradora ACRUGA, solicitude de subvención, cualificándose ela mesma como gandeira ou agricultora individual.

Fundamenta a recorrente o seu recurso en que o cambio de titularidade da explotación foi “por incapacidade permanente”, solicitando, por elo, que “se teña en conta que esta é unha causa de forza maior”, e recoñecendo polo tanto, implícitamente, que a aprobación da pensión de incapacidade permanente lle impedía para seguir á fronte da explotación, o que non foi obstáculo para que esta situación (a de manterse en activo ao mesmo tempo que percibía a prestación) se mantivera dende o 11 de maio de 2020 ata o 23 de decembro do mesmo ano; incorrendo, en definitiva, na infracción grave prevista no artigo 25.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.

Do anterior despréndese claramente que a recorrente non podía obter a condición de beneficiaria da subvención, pois os feitos recentemente descritos derivan na súa inclusión no suposto previsto no artigo 13.2.e) da LXS, que prohibe obter a condición de beneficiario de subvencións a quen non se atope ao corrente no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social.

En canto á “forza maior”, alegada pola recorrente como motivo de impugnación da resolución de concesión das subvencións, o Código Civil, aínda que non o recolla expresamente,



considera que serán sucesos de forza maior aqueles que, fora dos casos expresamente mencionados na lei, ningún puidera prever, ou que, previstos, foran inevitables.

Doutrinalmente, definiuse a forza maior coma un acontecemento extraordinario que se desata dende o exterior, imprevisible, e que non podería ser posible evitar aínda aplicando a maior dilixencia. Neste senso, cómpre ter en conta que o noso Tribunal Supremo esixe, como requisitos que deben concorrer para apreciar a forza maior que o feito sexa, ademais de imprevisible, inevitable ou irresistible.

É evidente, no caso que nos ocupa, que a inevitabilidade é un requisito que se cumpre no feito de que a recorrente fora incapacitada permanentemente para a actividade habitual, mais debe concorrer ademais, como se viu, para a cualificación do evento como “de forza maior”, o requisito da imprevisibilidade, definida como a calidade que ostenta un acontecemento para sorprendernos cando temos en conta o que normalmente ocorre e as consecuencias que ordinariamente carrexan os sucesos habituais, de modo que a observación da realidade non nos permita anticipar que ese suceso acaecerá e carrexará unhas consecuencias de tal magnitude.

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, a recorrente causou baixa por incapacidade temporal o día 13 de setembro de 2019, e esta derivou en que lle fora recoñecida, o día 11 de maio de 2020, unha pensión de incapacidade permanente, no grao de total para a profesión habitual, solicitando a subvención o día 24 de novembro do mesmo ano. Por elo, non é posible cualificar o evento que derivou no cese da actividade coma un suposto de forza maior, pois non só non era imprevisible, senón que este xa se iniciara máis dun ano antes do momento no que se solicitou a subvención.

Todo elo constitúe outro motivo polo que debe ser desestimado o recurso.

Por todo o exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade infórmase a procedencia de desestimar o recurso de reposición interposto o 2 de xullo de 2021 por D^a. María Carmen Estrada Trabado (Rexistro de entrada nº: 2021RPE017427), contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, de resolución da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reproductoras inscritas no

Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.”

Tendo en conta a documentación que integra o expediente e o citado informe, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a. María Carmen Estrada Trabado, o 5 de xullo de 2021, contra o Acordo da Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021, de resolución da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2020.

2º.- Notificar o presente acordo á interesada en legal forma, con expresión dos recursos procedentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES CULTURALS.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, do 18 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Vicepresidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:



Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Entidade	Subvención
Asoc. Cultural Os Falcatrueiros	1.253,00

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIAS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles

para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo



16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

Con arrego ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 03 de maio de 2021, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 05 de maio de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, resolveu, con data 16 de xuño de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 21 de Xuño de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.



12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. BOAN -1	SACRA FESTIVAL	895,00
ASOC. CULTURAL ARUMES DO CORGO	CERTAME LITERARIO "TERRAS DO CHAMOSO"	1.025,00
ASOC. CULTURAL FIADEIRA	CLASES DE BAILE E GAITA	895,00
ASOC. FACELA PRODUCCIONES	FA-CE-LA FEST	671,00
ASOC. VECIÑAL E CULTURAL GUEIMONDE	VIAXE CULTURAL	666,00
ASOC. VECIÑOS PIÑEIRO – QUETESENDE LAXE BLANCA	VIAXE CULTURAL	857,00
ASOC. VESTALES DE LUCUS AUGUSTI	OBRADOIRO LUCUS CULTURAL, PARTICIPACIÓN FRIULIO, ARDE LUCUS	801,00
ASOC. CULTURAL NOSTRUM CAI TEATRO	FORMACIÓN TEATRAL	839,00
ASOC. PLAZA DAS ILLAS	VIAXE CULTURAL	542,00
ASOC. DE PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO DE EDUCACIÓN INFANTIL Y PRIMARIA "JUAN REY" DE LOURENZÁ	OBRADOIRO CONSTRUCCIÓN XOGOS TRADICIONAIS, OBRADOIRO DE BAILE, MÚSICA E CANTO TRADICIONAIS	856,00

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
APA DEL COLEGIO PÚBLICO COMARCAL DE ANTAS DE ULLA	CLASES DE INGLÉS E XOGOS TRADICIONAIS	820,00
ATENEIO GALEGUISTA DE LUGO	CONFERENCIAS SOBRE A LINGUA GALEGA; AURELIANO J. PEREIRA E CASTELAO	598,00
ASOC. DE VECINOS DE MADANELA DE REMOURELLE	SAN XOÁN, MAGOSTO E VIAXE CULTURAL	746,00
ASOC. OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE	CONCERTO, VIDEOFORUM, EXPOSICIÓN, FEIRA, DEBATES	840,00
ASOC. MULLERES RURAIS "COUSAS NOSAS"	ENTROIDO, OBRADOIRO INGLÉS, OBRADOIRO BAILE REXIONAL, VIAXES CULTURAI E REPRESENTACIÓN TEATRAL	858,00
ASOC. DE MUJERES Y FAMILIA PELEIRIÑOS DE SARRIA	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO	709,00
ASOC. FOLKLÓRICA E CULTURAL LEMAVOS	PARTICIPACIÓN EN EUROPEADE	802,00
ASOC. CULTURAL XISTRA DE RABACEIRA	CLASES DE GAITA E BAILE REXIONAL	951,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE ABSOLUTA DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D^a María Asunción Seijas Penas, vixilante- guía do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

O Xulgado do Social nº 3 de Lugo en data 9 de xuño de 2021, ditou a Sentanza nº 0000945/2020, sobre Seguridade Social, pola que se declara a Dona Asunción Seijas Penas en situación de Incapacidade Permanente Absoluta, con efectos dende o día 22 de xuño de 2020.



A Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 16 de xullo de 2021, con data de Rexistro de Saída do INSS, de 16 de xullo de 2021, Rexistro de Entrada na Deputación o día 26 de xullo de 2021, informa que:

“Por Sentencia recurrida del Juzgado de lo Social nº 3 de Lugo de fecha 09-06-2021 se le reconoce una incapacidad permanente absoluta a D^a María Asunción Seijas Penas con D.N.I ***5448**.

Se va a proceder al abono de la prestación con fecha de efectos económicos 14-06-2021 fecha de notificación de la sentencia. Lo que se comunica a efectos de baja en la actividad laboral”

Visto que o artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que a falta doutra regulación, se vén entendendo que a incapacidade permanente no grao de absoluta é aquela que impide por completo ao traballador a realización de calquera profesión ou oficio.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm.202 de 3 de setembro de 2020), acorde:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grado de Absoluta, de Dona Asunción Seijas Penas, con efectos económicos do día 14 de xuño de 2021, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida á funcionaria polo Instituto Nacional da Seguridade Social e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e tres minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.